LUIS ANTONIO GOMEZ PIÑA (1 para 2)
Alcalde-Presidente
Data de Sinatura: 16/07/2026
HASH: 2833b0d6b37b9cdc508cf51404c61e3
CONCELLO DACANIZA

Mario López Anturña (2 para 2)
Secretario
Data de Sinatura: 16/07/2026
HASH: 36fb8424c0d7f46c25cd0cb6823ecc9a
CONCELLO DACANIZA

Expediente núm.: 1254/2026
Procedemento: Procedemento Xenérico
Asunto: Ordenación de restricións na subministración de auga

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Con data 16 de xullo de 2026 incoouse expediente administrativo para valorar a adopción de medidas extraordinarias destinadas a garantir a continuidade do servizo municipal de abastecemento domiciliario de auga potable, ante a situación de escaseza de recursos hídricos existente en Galicia que, segundo comunicou Meteogalicia, trátase da seca máis alta dende o ano 1990 (36 anos).

Consta incorporado ao expediente informe emitido polos servizos técnicos municipais, no que se acredita unha diminución significativa das reservas dispoñibles.

O citado informe propón, como medida extraordinaria, a interrupción programada da subministración durante determinados horarios.

Con data 16 de xullo emitiuse informe da Secretaría Municipal, no que se conclúe que a medida proposta resulta conforme co ordenamento xurídico, ao estar debidamente motivada, responder a unha finalidade de interese xeral e respectar os principios de necesidade, proporcionalidade e temporalidade.

De conformidade cos artigos 21.1.a), 25.2.c) e 26.1.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local**,** corresponde ao Concello a prestación obrigatoria do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, así como á Alcaldía a dirección do goberno e da administración municipal e, en consecuencia, a adopción das medidas necesarias para garantir a adecuada prestación dos servizos municipais.

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia**,** establece o abastecemento á poboación como uso prioritario dos recursos hídricos, polo que as administracións públicas deben adoptar as medidas necesarias para garantir o abastecemento destinado ao consumo humano.

Os artigos 12 e 13 da Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario**,** facultan ás administracións responsables dos sistemas de abastecemento para adoptar medidas de xestión da demanda, limitar usos non esenciais da auga e establecer restricións horarias na prestación do servizo cando resulten necesarias para garantir o abastecemento á poboación, sempre que tales medidas estean debidamente motivadas e se informe previamente ás persoas afectadas.

Resulta necesario impoñer medidas de aforro voluntario, sen descartar a ordenación de cortes de subministración.

As medida responden aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade e temporalidade previstos no artigo 103 da Constitución Española e no artigo 3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

DECRETO Número: 2026-0940 Data: 16/07/2026

Cod. Validación: DHP347SR6ATMRHA6NPEL339C3
Corrección: https://caniza.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

RESOLVO

Primeiro.

Declarar a existencia dunha situación de escaseza de recursos hídricos que fai necesaria a adopción de medidas extraordinarias de xestión do servizo municipal de abastecemento de auga potable.

Segundo.

Establecer a interrupción programada da subministración de auga potable nas datas e horarios que se consideren necesarios mentres persistan as circunstancias que a motivan.

Terceiro.

a).- Prohibir durante a vixencia da presente resolución os seguintes usos non esenciais da auga procedente da traída municipal da Caniza:

- Rega de xardíns, hortas e zonas verdes particulares.
- Enchido de piscinas privadas.
- Baldeo de rúas, patios ou fachadas.
- Lavado de vehículos.
- Calquera outro uso recreativo ou ornamental incompatible coa situación de escaseza existente.

b).- Reducir o consumo doméstico ao mínimo imprescindible, evitando duchas prolongadas, pechando a billa mentres se enxaboa ou se lavan os dentes, utilizando lavadoras e lavalouzas unicamente con carga completa e evitando calquera outro uso innecesario da auga.

c).- Revisar as instalacións particulares para detectar e reparar posibles fugas.

Cuarto.

Adoptaranse os controis que sexan necesarios para facer efectivas as medidas adoptadas neste Decreto.

Quinto.

Na medida en que resulte tecnicamente posible, adoptaranse as actuacións necesarias para minimizar a afección aos centros sanitarios, residencias, centros educativos, instalacións de emerxencia e demais servizos esenciais.

Sexto.

Ordenar a publicación do presente Decreto mediante Bando da Alcaldía, na sede electrónica, no taboleiro de anuncios e na páxina web municipal, así como a súa difusión polos medios de comunicación municipais e redes sociais, para xeral coñecemento da cidadanía.

DECRETO
Número: 2026-0940 Data: 16/07/2026

Cod. Validación: DHP347SR6ATMRHA6NPEL339C3
Corrección: https://caniza.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

Sétimo.

O presente Decreto producirá efectos desde o día da súa publicación, permanecendo vixente ata que desaparezan as circunstancias que motivan a súa adopción ou sexa expresamente revogado por resolución da Alcaldía.

Contra a presente resolución**,** que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ou directamente recurso contencioso-administrativo perante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, nos prazos e termos previstos na Lei 39/2015 e na Lei 29/1998.

Documento asinado electrónicamente por ***LUIS ANTONIO GÓMEZ PIÑA,*** *Alcalde do Concello de A Caniza, dando fe do mesmo,* ***MARIO LÓPEZ ANTUÑA,*** *Secretario Xeral do Concello.*

Cod. Validación: DHP347SR6ATMRHA6NPEL339C3
Corrección: https://caniza.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3